



Comité Intercentros da Universidade de Vigo

ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Carlos Mollinedo Lois
Antón García Fernández
Rodrigo Alberte Pivida

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña

U.G.T.

Arturo Casar Sarasola

DELEGAN VOTO

Carmen Serra Rodríguez
Cándido Pérez Betanzos
Federico Fernández Fernández

AUSENTES C.I.

Juan José Fernández

ASISTENTES CC.EE.

*DS- Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación o día 28 de maio de 2004, ás 9:00 horas en primeira convocatoria e ás 9:30 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Convocatorias pendentes de oposición.
5. Selección persoal da OFOE.
6. Proposta do xerente de inclusión do persoal informático e responsable do Parque Móbil no I^o Convenio Colectivo.
7. Rogos e preguntas.

A reunión é presidida por Rodrigo Alberte, vicepresidente do CI, ao estar de baixa Cándido Pérez. Antes de comezar a reunión da conta dos votos delegados que, neste caso, corresponden aos debidamente enviados por Carmen Serra que delega en Manuel Velasco e Cándido Pérez e Federico Fernández que delegan en Rodrigo Alberte. A delegación de Cándido Pérez faise extensiva a posteriores reunións namentres dure a súa baixa laboral. A reunión da comezo ás 10:44 horas, tras chegar os delegados/a de Ourense, que se demoraron por mor dunha avaría.

1. A acta da reunión anterior foi enviada con antelación a tódolos membros do CI. Neste documento non constaba o informe dado polos representantes da Comisión de Formación, así mesmo, fíxose unha corrección referente a votación que tivo lugar no punto 7. Tras aceptarse o engadido e as correccións descritas, a acta apróbase por unanimidade.
2. Informe do Presidente.
 - Contratación temporal prórrogas e mobilidade:
 - Petición de traslado de Arturo Martínez Iglesias para ocupar unha praza de AT SX na EUETI namentres dure o cambio de categoría concedido a Benigno Gavilanes Rodríguez.
 - Petición de traslado de Francisco Javier Fernández Martínez, AT SX con destino na ESE Informática, para ocupar unha baixa na Facultade de Ciencias Experimentais de Vigo.
 - Relación de contratos asinados durante o período dando conta dos contratos que o Presidente do C.E. de Pontevedra non asinou (polas razóns expostas máis adiante).
 - Escrito de Andrés Mariño TEB no que solicita continuar traballado unha vez que cumpra os 65 anos. Envía tamén fotocopia dunha sentenza do Tribunal Supremo
 - Escrito da Administradora dos centros de Torrecedeira para que o CI se pronuncie sobre un conflito de competencias.
 - Escrito do representante do CI no proceso selectivo de TSTIC, Luis Olivares, no que da conta dos criterios que



empregou para definir a experiencia laboral na "mesma categoría"

- Escrito do decano da Facultade de Ciencias Sociais no que solicita dous técnicos audiovisuais.
- Acordo remitido pola vicerreitora de profesorado relativo ao concurso de profesorado contratado para o curso 2004/2005.
- Solicitud de traslado dun traballador da Universidade de León a Universidade de Vigo.

EXECUCIÓN DE ACORDOS

- Escrito ao xerente no que o CI solicita que se cubra a praza de TE de microscopía electrónica.
- Solicitud de reunión da Mesa Negociadora

Manuel Velasco, Presidente do CE da Universidade de Vigo (Campus Vigo-Pontevedra), tras o informe do vicepresidente do CI, explica que non asinou algúns contratos ao considerar que as condicións laborais que neles se detallan fomentan a precariedade laboral. Nun escrito que dirixirá ao servizo de persoal dará conta, máis polo miúdo, dos motivos que o levaron a tomar esta decisión.

A petición de Andrés Mariño será incluída como un punto da orde do día na próxima reunión do CI.

Acordase contestar a consulta feita, vía Fax, pola administradora dos centros de Torrecedeira quen nos pregunta se é competencia do persoal de conserxería notificar, por escrito ou por telefono, os nomeamentos das persoas designadas para formar parte dunha Mesa Electora. Segundo este Comité, o responsable de dar inicio o un proceso electoral é o Secretario do Centro que é o que ten que realizar o sorteo para saber que traballadores/as formarán a Mesa. O proceso que ven a continuación é competencia do Secretario/a do centro ou da súa área. As dúbidas que poidan existir sobre un proceso electoral tamén pode resolvelas a Secretaría Xeral. As funcións do persoal laboral que desenvolve o seu traballo nas conserxerías veñen recollidas no actual Convenio Colectivo.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

- **Comisión de Selección 1 praza de TE laboratorio de física.**
Chus Losada entrega a acta da reunión celebrada o día 3 de maio de 2004 na que se dan conta dos acordos, entre os que se inclúe a relación dos candidatos/as seleccionados tanto no concurso interno coma no concurso libre. Informa tamén que non se vai a producir a contratación prevista ao prescindir o departamento das clases prácticas.
- **Comisión de Formación.**
Antón García informa que recibiu a información solicitada sobre criterios e pormenores do gasto feito pola Universidade en formación no ano 2003 e parte do 2004. O Secretario do CI solicita copia destes documentos co fin de arquivalos.
- **Comisión negociadora coa xerencia.**



Os representantes nesta comisión dan conta do acontecido na última reunión na que se acordou incluír as seguintes prazas que están por enriba da RPT:

ATSX: 2 prazas no ámbito de Ciencias Experimentais, 1 de mañá e outra de tarde; 3 prazas adscritas á Xerencia, das cales, 2 son de apoio ao Campus de Lagoas-Marcosende (1 de mañá e 1 de tarde) e a outra e para cubrir as necesidades do novo Rectorado en quenda de tarde; 1 praza de mañá no ámbito de ciencias económicas e xurídicas.

TEB: 3 prazas na Biblioteca Central de Lagoas-Marcosende, 2 de mañá e 1 de tarde; 1 praza na Biblioteca Central do Campus de Pontevedra en quenda de tarde.

ATID: 4 prazas no Pavillón de Ourense, 1 de mañá, 2 de tarde e 1 en quenda de fin semana e festivos. 1 praza de fin de semana no Campus de Vigo.

TEAD: 1 praza no Servizo de Deportes do Campus de Vigo.

TETD: 1 praza no Campus de Ourense.

Na mesma reunión o xerente pasou unha nova proposta para incluír ao persoal informático e o responsable do parque móbil no actual Convenio Colectivo, proposta que se vai tratar no punto 6.

4. Convocatorias pendentes de oposición.

Os delegados que están a traballar nesta cuestión informan que teñen a proposta case lista. Dada a importancia deste asunto o Pleno prega que as correccións e alegacións as propostas de convocatoria se faga a vindeira semana.

5. Selección persoal na OFOE.

Manuel Velasco, informa que o luns 24 de maio recibiu unha chamada telefónica de Ana Fernández Pulpeiro, directora da Área de Calidade, para solicitarlle unha reunión pois quería falar de asuntos relacionados coa OFOE. A cita foi concertada para o día seguinte, martes 25 de maio. Durante a reunión Ana F. Pulpeiro comunicou que o día anterior, nunha reunión da Fundación Universidade de Vigo, fora nomeada secretaria deste ente ao acordar tamén que a Fundación ía depender e estar encadrada no Vicerreitorado de Innovación e Calidade. Como secretaria tiña a encomenda de ocuparse do proceso de selección da OFOE tras conceder a Xunta de Galicia a subvención para contratar 5 orientadores/as laborais e 2 auxiliares administrativos, proceso ao que invita a participar ao CI. Comentando as incidencias do proceso anterior, Ana F. Pulpeiro garante que desta vez se vai a facer unha selección obxectiva na que se utilizará o baremo suxerido pola Dirección Xeral de Formación e Colocación. Con respecto as funcións do persoal seleccionado sinala que serán as recollidas na orde da Xunta de Galicia publicada no DOG de 12 de febreiro de 2004. Asemade, propuxo dúas opcións para facer a selección: solicitude de currículos ao Servizo Galego de Colocación (SGC) ou inserción dun anuncio na prensa. Por propia iniciativa propón invitar a alguén da Xunta a participar no proceso selectivo.



O Pleno do CI acepta participar en dito proceso de selección nos termos recollidos e definidos no actual Convenio Colectivo. O CI acorda propoñer a publicación dun anuncio na prensa como o método mellor para facer a escolla de persoal, ao entender que deste xeito garántese a participación de calquera cidadán ou cidadá que o desexe. O Pleno aposta por esta vía, tamén, polos problemas detectados en anteriores seleccións realizadas con envío de currículos dende o SGC. Por último, outra razón de peso é que deste xeito permitiríamos que as persoas agraviadas pola selección do ano 2003 (aínda sen concluír) puideran participar. Este acordo se lle remitirá por escrito a secretaria da Fundación.

6. Proposta do xerente de inclusión do persoal informático e responsable do Parque Móbil no Iº Convenio Colectivo.

Analízase a última proposta feita pola xerencia circunscrita, desta vez, só á inclusión do persoal informático e o responsable do parque móbil no Convenio Colectivo. Neste documento propónse unha táboa salarial para estes traballadores na que se lle reduce o salario aos futuros directores dos servizos informáticos e a futuros responsables do parque móbil. Tamén se propón a creación dun complemento de categoría distinto ao aprobado en Convenio para o grupo II. Así mesmo os actuais técnicos especialistas en informática con contrato fixo se singularizan e a categoría de TETIC asimíllase a de técnico de laboratorio.

O CI propón encadrar estes cambios nunha negociación global que nos permita corrixir a medio prazo os desequilibrios retributivos actuais. Para logralo propónse tomar como referencia o tempo de vixencia do próximo Convenio Colectivo.

Esta é a proposta conxunta que levaran os/as negociadores/as á mesa da xerencia.

7. Rogos e preguntas.

Non hai

Acordos:

- Tratar na próxima reunión a cuestión exposta por Andrés Mayor.
- Contestar ao escrito da administradora dos centros de Torrecedeira nos termos expostos nesta acta.
- Aceptar a invitación feita pola secretaria da FUVI a participar no proceso selectivo da OFOE. Contestar a esta petición por escrito segundo o exposto neste documento.
- Non aceptar a proposta da xerencia de inclusión do persoal informático e do responsable do parque móbil, propoñendo unha negociación global que nos permita corrixir os actuais desequilibrios retributivos.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Rodrigo Alberte Pivida
(vicepresidente)